



# CCOO INFORMA 5/24

## CONVOCATORIA DE PRuebas DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE PARA ACCEDER AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2 E 3 DE CUALIFICACIÓN

Para acceder ás accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, o alumnado deberá estar en posesión, antes de iniciar o curso, de determinadas titulacións mínimas ou ter as competencias clave necesarias. Con carácter xeral, para cursar un certificado de profesionalidade requírese:

- para os niveis de cualificación 2 e 3:
  - Graduado en ESO para o nivel 2 e Bacharelato para o nivel 3.
  - Un certificado do mesmo nivel ou dun nivel inferior pero da mesma familia e área.
  - Cumprir os requisitos para o acceso aos ciclos formativos correspondentes, ou superar as probas de acceso a estes ciclos ou á universidade (pode consultar aquí todos os posibles requisitos).
- para o nivel de cualificación 1 non se necesita dispoñer de ningún requisito.

Todas aquelas persoas que non posúan estes requisitos formativos ou profesionais poderán acceder igualmente aos certificados de profesionalidade se acreditan que teñen as competencias clave.

Así pois, as competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos xerais ou básicos que aseguren a formación mínima necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dos certificados de profesionalidade, co fin último de fomentar a calidade e a integración da formación profesional para o emprego.

As competencias clave poden ser: de nivel 2, para acceder a cursos de certificados de profesionalidade de nivel 2 ou de nivel 3, para acceder a cursos de certificados de profesionalidade de nivel 3.

As competencias clave son: competencia matemática, comunicación en lingua galega, comunicación en lingua castelá e comunicación en linguas estranxeiras (inglés).

O inglés só se require para aqueles certificados que inclúan un módulo de lingua estranxeira (ver os certificados de profesionalidade que esixen idioma).

As competencias clave pódense conseguir de dúas formas mediante Cursos de competencias clave ou mediante Probas de competencia clave (<https://empregoigualdade.xunta.gal/formacion/competencias-clave>)

**A convocatoria de probas de competencias clave 2024** publicouse no DOG do 15 de xaneiro de 2024. A presentación de solicitudes será Do 16 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2024. As persoas interesadas poden tramitar a súa petición a través da Sede Electrónica da Xunta (código de procedemento TR306A) e o calendario previsto é o seguinte:

	<b>Datas</b>
Prazo de presentación de solicitudes	Do 16 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2024
Publicación da relación provisional de persoas admitidas	Aproximadamente un (1) mes logo do remate do prazo de presentación de solicitudes
Presentación de alegacións	Catro (4) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación provisional
Publicación da relación definitiva de persoas admitidas	Unha (1) semana despois da finalización do prazo de presentación de alegacións
Realización da proba no Recinto Feiral da Fundación Semana Verde en Silleda	Previsiblemente na segunda (2ª) quincena de xuño
Publicación dos resultados provisionais	Aproximadamente un (1) mes desde a realización das probas. Os resultados provisionais serán publicados na web da Consellería
Presentación de reclamacións	Catro (4) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados provisionais
Publicación dos resultados definitivos das probas	Unha (1) semana logo do remate do prazo de presentación de reclamacións
Envío de correo electrónico solicitando participar na proba adicional	Desde a publicación dos resultados definitivos ata o quince (15) de setembro
Realización da proba adicional	Previsiblemente na segunda (2ª) quincena de outubro

Mais información no **DOG Nº 10 DO LUNS, 15 DE XANEIRO DE 2024:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240115/AnuncioG0656-121223-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240115/AnuncioG0656-121223-0001_es.pdf)

ou en sede electrónica: código de procedemento TR306A